

BASES COMPETICIÓN

LIGA OURO TEMPADA 2024-2025

INFANTIL FEMININO

| EQUIPOS PARTICIPANTES | | | |
|-----------------------|------------------------------|----|---|
| 1 | SAR Rodavigo | 6 | Doce Ópticos Balonmán Tui |
| 2 | Nordata Xiria | 7 | Upi Informática Lalín |
| 3 | Mecalia Atlético Guardés | 8 | Tecnosat Bm. Cangas |
| 4 | Sanxenxo Balonmán - Dislausá | 9 | Bm. Culleredo Sutenor |
| 5 | Club Cisne Omma Arquitectura | 10 | Lapamán Área De Servicio Bueu Atl. Balonmán |

1ª FASE OU LIGA REGULAR:

- **Data na que hai que ter a clasificación definitiva para a RFEBM:** 27/04/2025
- **Comezo:** 05-06/10/2024
- **Nº Equipos:** 10
- **Nº Grupos:** 1
- **Formato:** Os dez (10) equipos participantes xogarán baixo o sistema de liga, todos contra todos a dobre volta.
- **Campión:** 1º clasificado da 1ª Fase ou Liga Regular.
- **Remate 1ª Fase ou Liga Regular:** 23/03/2025
- **Datas reservadas para as Seleccións Galegas, nas que non se poderán disputar encontros:**
 - ❖ 13/10/2024 pola tarde
 - ❖ 20/10/2024 pola tarde
 - ❖ Do 31/10/2024 ao 03/11/2024
 - ❖ 17/11/2024 pola tarde
 - ❖ Do 05/12/2024 ao 08/12/2024
 - ❖ 22/12/2024 pola tarde
 - ❖ Do 26/12/2024 ao 30/12/2024

- **Datas Liga:**

| 1ª VOLTA | | 2ª VOLTA | |
|----------|------------|----------|------------|
| XORNADA | DATA | XORNADA | DATA |
| 1 | 13/10/2024 | 10 | 12/01/2025 |
| 2 | 20/10/2024 | 11 | 19/01/2025 |
| 3 | 27/10/2024 | 12 | 26/01/2025 |
| 4 | 10/11/2024 | 13 | 09/02/2025 |
| 5 | 17/11/2024 | 14 | 16/02/2025 |
| 6 | 24/11/2024 | 15 | 23/02/2025 |
| 7 | 01/12/2024 | 16 | 02/03/2025 |
| 8 | 15/12/2024 | 17 | 09/03/2025 |
| 9 | 22/12/2024 | 18 | 23/03/2025 |

ELIMINATORIA POLA FINAL 4

- **Data:** 29-30/03/2025
- **Formato:** A xogarán o 1º clasificado Liga Prata e o 5º ou 6º clasificado da Liga Ouro a partido único, na sede do equipo da Liga Prata.

| ELIMINATORIA POLA FINAL FOUR – 29 ou 30 de marzo 2025 | | | |
|---|---------------------------|-----------------------------|----------------|
| | LOCAL | VISITANTE | HORARIO |
| ELIMINATORIA | 1º clasificado Liga Prata | 5º/6º Clasificado Liga Ouro | Por determinar |

2ª FASE OU FINAL 4

- **Datas Final Four:** 05 e 06/04/2025
- **Formato:** A disputarán os equipos clasificados en 2º, 3º, 4º (ou postos sucesivos en función das prazas adicionais para a Fase de Sector Nacional) posto da 1ª Fase ou Liga Regular e o gañador da Eliminatoria pola Final Four. Xogarase polo sistema de eliminatorias a único partido; semifinais, 3º e 4º Posto e Final durante unha fin de semana (Sábado e Domingo) nunha mesma sede.

| SEMIFINAIS – 05 de abril 2025 | | | |
|-------------------------------|-------------------|-------------------|----------------|
| ELIMINATORIA | LOCAL | VISITANTE | HORARIO |
| SEMIFINAL 1 | 2º/3º Clasificado | Gañador EFF | Por determinar |
| SEMIFINAL 2 | 3º/4º Clasificado | 4º/5º Clasificado | Por determinar |

| 3º e 4º POSTO E FINAL – 06 de abril 2025 | | | |
|--|----------------------|----------------------|----------------|
| ELIMINATORIA | LOCAL | VISITANTE | HORARIO |
| 3º e 4º POSTO | Perdedor semifinal 1 | Perdedor semifinal 2 | Por determinar |
| FINAL | Gañador semifinal 1 | Gañador semifinal 2 | Por determinar |

3ª FASE ou FASE ESTATAL:

- Accederá directamente a esta fase o primeiro (1º) Clasificado da 1ª Fase ou Liga Regular da Liga Ouro Infantil Feminino e o gañador da Final Four.
- No caso de que a RFEBM outorgue unha terceira praza (ou máis) para o sector nacional, o 1º e 2º (ou postos sucesivos) clasificados da Liga accederán directamente ao sector, e a Final Four a disputarán o 3º, 4º, 5º (ou postos sucesivos en función das prazas adicionais para a Fase de Sector Nacional) da Liga e o gañador da eliminatoria pola Final Four. Sempre e cando a Federación Galega de Balonmán cumpra cos requisitos para obter esa segunda praza que da acceso a Fase Estatal.

CONSIDERACIÓNS IMPORTANTES:

- A Final Four será a competición que determine a clasificación final da tempada 24-25 nos postos do 2º ao 5º (ou postos sucesivos en función das prazas adicionais para a Fase de Sector Nacional).
- No caso de que a Federación Galega de Balonmán dispoña de prazas adicionais para a Fase de Sector Nacional, estas iranse outorgando en función da clasificación final da tempada 24-25, dependendo das prazas outorgadas pola RFEBM.
- O seguro deportivo obrigatorio entrará en vigor o 1 de agosto de 2024, e todos os xogadores/as deberán ter o seguro correctamente tramitado para a disputa desta competición.
- Os criterios de desempate desta competición atópanse no NOREBA-GA.

DISPOSICIÓNS COMPLEMENTARIAS:

Todas as cuestións que non se atopen recollidas nestas bases, serán reguladas pola normativa vixente da FGBm e no Regulamento de Partidos e Competicións da RFEBM.